



Concello de Cangas

A ludoteca Municipal dará comezo o próximo martes 13 de outubro

Adaptándonos á nova normativa e pensando sempre na seguridade dos cativos/as, a ludoteca adaptou o seu protocolo ás medidas hixiénico-sanitarias recomendadas polos organismos competentes.

Para adaptarnos á nova realidade sociosanitaria. Entre outras, como normas xerais:

- a ratio máxima establecida será de 9 participantes.
- empregarse máscara de protección en todo momento.
- manterase distanciamento interpersoal de 1,5 metros.
- realizaranse medidas de hixiene a chegada, despois da manipulación de materiais ou xogos o e saír (xel hidroalcohólico, lavado frecuente de mans, desinfección de zonas comúns e material manipulativo.
- asinar unha declaración responsable previa incorporación ao servizo - Os pais, nais, titores ou outros acompañantes non poden acceder ao interior das instalacións e recomendase levar para casa, na medida do posible, cazadoras, abrigos e outros utensilios dos que non precisen empregar na ludoteca.
- realizarán todas as actividades que o permitan sentados individualmente.
- xogarán con xoguetes previamente hixienizados.
- traerán unha máscara de reposto.
- traerán unha botella de auga co nome posto, e de luns a xoves de traer merenda algo fácil e rápido de tomar.